



AUTORES UNIVERSAIS

Calderón: 'SEXISMUNDA' (VERSIÓN DE 'A VIDA É SOÑO')

Os clásicos son mananciais de sabedoría. Procuramos revisar os tópicos e enfrontarnos ao autor sen prexuízos. Fixemos unha lectura libre que resultou ser moito máis que un exercicio complexo, labiríntico e inquietante. Fixémonos moitísimas preguntas sobre a loucura e a cordura; a superstición e a ciencia; o soño e a vixilia; o poder e a guerra... Reflexionamos sobre a barbarie e a transgresión... *Sexismunda* naceu como un espectáculo austero,

froito dun proceso complexo, arriscado e engaiolador. Supón, por unha banda, un pasiño para adiante neste «soño breve»; por outra, vertixe e tamén maior reto.

Sexismunda, filla do rei Basilio, que goberna sobre Polonia, vive presa polo medo que padece o pai a un oráculo que consultou ao nacer ela. Este oráculo vaticinaba que a futura raíña sería déspota e cruel cos





seus súbditos e gobernaría de xeito tirano o reino. Clarín e Rosaura arriban en Polonia e non coñecen a razón do encerro de Sexismunda. Estrela e Astolfo, sobriños de Basilio, tratan por todos os xeitos de granxearse as simpatías do tío, incluso chegando a casar para chegar a detentar o poder.

O rei arrepiñtase nun momento de ter encadeada á súa filla e dálle a oportunidade de reinar un período de tempo. Se resultase violenta coa súa actitude, viría a demostrar que o horóscopo tiña razón. Pola contra, se gobernase co bo criterio sería elixida sucesora do reino.

Xéstase unha guerra a causa da tiranía de Sexismunda e esta volve á súa cela. O resultado é a chegada, logo do perdón do seu pai, dunha raíña boa e desexada, que consegue autodominarse e vencerse a si mesma fronte aos demais («A maior vitoria será vencerme a min mesma», dirá a protagonista ao final da obra de Sarabela ²⁵).

A mirada persoal de Sarabela comeza na alteración do sexo da protagonista, tal vez para outorgarlle á muller o protagonismo que lle foi negado en tantos séculos de escurantismo, inxustiza e desigualdade nos roles de xénero. Buscan «atopar as posibilidades que mellor conecten cos espectadores de hoxe».²⁶

Esa é a causa de que aproximen tamén as expresións lingüísticas e o idioma ao tempo actual. Algúns elementos foron suprimidos na versión por non coincidir cos modos de pensar e de ver a realidade dos espectadores deste século. Un exemplo son escenas coma a do remate da obra en matrimonio, que estaba axustado á forma de ver as cousas do Século de Ouro. Hoxe non é coma no pasado, e o final da adaptación é aberto a varias interpretacións, plurisignificativo, propio da mentalidade actual.

O espazo, que busca unha vez máis a esencialidade de sentido, expónsenos minimalista, sobrio, de xeito que se ceda o protagonismo aos xogos de luces e sombras que simbolizarán as da mente da protagonista vendo a súa existencia propia e o mundo que a rodea.

Procúrase coherencia, sinxeleza e equilibrio en toda a posta en escena, achegando este clásico ata os tempos de hoxe sen resultar anacrónico o consello moral final, o que cualifica a obra como obra mestra da literatura universal.

ISABELLE MERSON

²⁵ Acto III, escena XIII.

²⁶ No folleto entregado o día da representación (*apud* Merson, Isabelle: *Sexismundo y/o Sexismunda? Reescritura y teatro entre tradición y modernidad*, Mémoire de Maîtrise d'Espagnol, setembro 2002). A partir de aquí, segue as ideas de Isabelle Merson, *ibidem*.



Calderón, reinterpretado

Desde Ourense, fóra por tanto da centralidade do circuito Santiago-A Coruña, cunha fe e cun entusiasmo profesional encomiables, a compañía teatral Sarabela foise facendo ó longo da década anterior cun lugar de privilexio no mundo teatral galego, aínda que o seu discurso escénico teña algo de excéntrico en relación coas tendencias que priman sobre os nosos escenarios. A súa traxectoria inclúe montaxes sobre textos de autores contemporáneos, como Sergi Belbel, adaptación de títulos moi populares da novelística galega (*A esmorga*, *O lapis do carpinteiro*) ou creación orixinais do grupo, como a moi premiada *Tics*. Pero todos os seus traballos, por moi disímiles que sexan os materias dos que parten, adquiren un selo propio e inconfundible a través de dramaturxias moi elaboradas e escenificacións sentimentais e enérxicas para as que contan cun cohesionado e habitual equipo de excelentes actores e actrices.

O ano pasado, Sarabela optou por facer o que aquí non faría ningún: conmemorar a Calderón de la Barca, ese extraordinario autor que, en contraste co que ocorre en Europa, segue a ter pouco aprecio entre a intelectualidade progresista desta parte do mundo, segmento no cal o seu nome e a súa obra sofren aínda connotacións negativas, moitas veces simples prexuízos, que seguramente non chegaron a esvaeirse co gallo da sixilosa celebración do cuarto centenario de seu nacemento. Con *Sexismunda*, Sarabela invéntase unha reinterpretación de *La vida es sueño*, con sete actores e o xénero do protagonista cambiado. E o que nun primeiro momento pode parecer unha desas empresas voluntaristas e extravagantes, condenadas a un máis que probable fracaso, tórnase sobre o escenario nun estimulante exercicio de penetración nas claves máis directamente emocionais deste texto.

A intelixente e intensa dirección de Ánxeles Cuña Bóveda prefere deixar a un lado os interrogantes metafísicos presentes na obra de Calderón e concentrarse na carnalidade dos personaxes, nas súas

motivacións máis paixonais e fundamente humanas. Emprazada a acción nun espacio escénico único e baleiro, atemporal e onírico, no que a iluminación e a música desempeñan un papel determinante, esta Sexismunda, tan libre como medida, realza as dimensións máis narrativas do texto calderoniano e logra implicar aos espectadores na representación dunha fábula na que se dirimen cuestións como a xustiza e o respecto, a paz e a guerra ou a loita entre o amor e o poder. Supoño que, desde unha óptica purista, podería obxectársele a Sarabela esta esencialización parcial e interesada, esta «manipulación» de Calderón. Pero se os clásicos seguen vivos é precisamente porque poden —esixen— ser continuamente reinterpretados. Sarabela aborda esa reinterpretación desde os seus propios cirtierios e intereses, que non exclúen unha perspectiva sutilmente feminista. E superan con acerto os perigos da tradución e da dicción dos famosos monólogos de *La vida es sueño*. O magnífico traballo de todo o grupo actoral merece ser especialmente referido.

Vivir en teatros que se soñan: ‘Sexismunda’

Para os curiosos e observadores do mundo da escena galega é ben sabida a pericia da compañía «SARABELA» para o traballo dramaturxico co fin de converter os textos en espectáculos que, cheos de calidade, conecten co público. Igual que ocorreu hai uns anos coa montaxe teatral sobre *A esmorga* de Blanco Amor, a tempada pasada demostrou Ánxeles Cuña a súa capacidade coma adaptadora e directora con *O lapis do carpinteiro*, ao levar á escena a novela homónima de Rivas. Nesta ocasión o traballo sorprendente procede doutro texto dramático, en clara aposta innovadora pola relectura dun clásico: *La*

vida es sueño de Calderón de la Barca convértese en *Sexismunda*, e o resultado é un espectáculo excepcional que nos abraia por un traballo ben medido cos actores, unha elaboración sobre o texto que denota un fondo estudio do mesmo e das posibilidades lingüísticas da tradución (mantense o verso), e, sobre todo, por unha posta en escena que se viste só con aquilo que será significativo para que o espectador sitúe a acción: a idea de encerro, o vestiario, unha iluminación e unha música soberbias.

Con *Sexismunda*, as tres autoras da dramaturxia (Ánxeles Cuña, Fina Calleja e Begoña Muñoz) ofrecen unha versión feminina (non necesariamente feminista) da obra de Calderón e converten a Segismundo en muller (interpretada con corrección por Elena Seijo).

O interesante da obra é que, realizando as convenientes variacións, a lectura dá un

xiro que nos sitúa perante un texto clásico enriquecido con puntos de vista actuais e no que, malia o profundo cambio, todo segue a ser perfectamente coherente e, máis aínda, acorde coas constantes temáticas que xa están presentes en *La vida es sueño*. ¿Por que non ha estar ben xogar cos canons, preguntólles eu aos puristas? Ese xogo, aquí, dá lugar a un produto artístico interesante polo diálogo entre épocas e entre visións do mundo.

Calderón serve para reflexionar non só sobre os temas e cuestións universais sempre tratadas polo teatro (a vida coma escena, a ilusión, a morte, o engano e a mentira, o amor) senón tamén de asuntos de plena actualidade como é o encerro da muller, por unha banda, e a posibilidade do amor lésbico pola outra.

Unha escenografía sorprendente (*Le Faust und Volk*) sen pretensións espaciotemporais concretas que lle concede ás



luces o seu máximo poder significativo é a base que obriga o espectador a fixar a súa atención nos movementos dos actores e, sobre todo, na súa interpretación. Neles recae a responsabilidade de achegar ese contraste de *Sexismunda* en que o clasicismo evidente deberá ser lido a través duns ollos actuais que, ao tempo, non perden a perspectiva de se atopar perante un texto do pasado. En efecto, as interpretacións de Elena Seijo como Sexismunda,

Fina Calleja coma a doce Rosaura, un xenial Suso Díaz para Clarín e, sobre todo, Fernando Dacosta coma un serio e rigoroso Clotaldo, están baseadas nas técnicas propias do teatro clásico, cunha intensidade dramática que, de certo, contrasta coa situación escénica de ton moderno, mesmo minimalista. Mais sobrancea Josito Porto quen, unha vez máis, pon o seu saber maxistral ao servizo de «SARABELA» para ser un Rei Basilio que bebe dos mo-

narcas shakespeareanos da escola da Royal Shakespeare Theatre Company.

Sexismunda é unha desas obras que nos reconcilia co teatro, e, por qué non, tamén coa realidade, por ensinarnos a soñar nesta ilusión de teatros que son vidas. Da man de «SARABELA», por fin o público galego ten a oportunidade de acceder a un clásico do teatro universal, en galego e con talento. Un baleiro menos e un paso adiante máis.